Informe

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

MUSEOS E CENTROS DE ARTE CONTEMPORÁNEA

SECCIÓN DE
ARTES PLÁSTICAS

SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS
Museos e centros de arte contemporánea / Sección de Artes Plásticas. —
Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2002. —
32 p. : il. ; 17 cm
DL VG-585-2002 . — ISBN 84-95415-55-0
1. Museos de arte-Galicia. I. Consello da Cultura Galega. Sección de
Artes Plásticas. II. Título

EDITA:
© Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 569 020
Fax: 981 588 699
correo@consellodacultura.org

Realización:
Táktika Comunicación
Vigo

ISBN 84-95415-55-0
D. L. VG-585-2002

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

MUSEOS E CENTROS DE ARTE CONTEMPORÁNEA

SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS

ÍNDICE

1. DEFINICIÓN, FUNCIÓNS E OBXECTIVOS 7
2. O PROXECTO DE CENTRO DE ARTE CONTEMPORÁNEA ..11
2.1. O proxecto para a creación artística contemporánea 11
2.1.1. O persoal 12
2.1.2. O padroado 12
2.1.3. As áreas do centro 12
a. Soportes de investigación: biblioteca, centro de documentación e arquivo.....14
b. Soportes de comunicación: departamento de pedagoxía, publicacións, prensa, música e audiovisuais 15
c. Soportes comerciais: tenda, librería e cafetería.....16
d. Soportes técnicos: talleres, almacéns e laboratorios 16
2.2. Os órganos de colaboración 16
2.3. A colección 18
2.4. O proxecto arquitectónico 19
3. AS ACTIVIDADES DOS MUSEOS E CENTROS DE ARTE CONTEMPORÁNEA.....23

1. DEFINICIÓN, FUNCIÓNS E OBXECTIVOS

A través dos tempos o home tentou amosar e achegar á sociedade obxectos e obras relacionadas coa actividade creadora do seu momento. Dende un principio, o museo estivo sumido no difícil labor de acadar unha identidade propia, definirse no contorno urbano, social e cultural, ser a imaxe da cultura e sociedade dun país, comunidade ou municipio. Sen embargo, a concepción de museo de arte histórica como un ben público imprescindible para a educación dos cidadáns chega á súa fin cando artistas e intelectuais deciden apostar por unha nova forma de abordar a arte e a exhibición artística. Os novos comportamentos artísticos, unidos a unha concepción máis democrática da sociedade, levaron o museo a xuízo, cuestionando o seu labor cívico e cultural.

Nesta imparable evolución da arte, o museo tentou adaptarse ás súas esixencias, provocando finalmente a aparición dun novo espacio expositivo centrado na arte contemporánea, a que se estaba a fraguar no propio momento, tentando, a partir de 1945, dar cabida a aquelas manifestacións plásticas xeradas e seladas baixo os signos do minimalismo, *povera*, conceptual, na arte de acción ata as últimas experiencias de novas tecnoloxías, o dixital ou o *net-art*; expresións artísticas de diferente natureza que poñen en cuestión o concepto de arte, aínda que non a necesidade da sensibilidade artística da sociedade e do individuo. A partir dos anos sesenta estes novos espacios creáranse cun claro obxectivo que os diferencia do museo, cunha nova finalidade, a de soporte e difusión e xa non tanto a de conservación. Xorde así o centro de arte contemporánea.

Chegar a unha definición ou idea conceptual de centro de arte contemporánea móstrase complexo, aínda máis neste cambio de milenio de efervescencia creativa, de novas infraestructuras, sensibilidades e diferentes perspectivas. Aclaradas as iniciais dúbidas provocadas con respecto ó museo e ó centro de arte, o panorama actual preséntase cunha maior definición dos contidos e coa conseguinte captación de novos públicos, así como coa aparición de institucións dedicadas á dinamización e promoción da arte máis actual.

En España, a herdanza do franquismo caracterizouse por unha evidente insuficiencia de infraestructuras e por un xeral desinterese na promoción da arte contemporánea. O desen-

volvemento dunha consciencia cultural na periferia, fronte a un centro conservador e academizado, enfrontouse cunha falla de preparación museográfica e cunha ausencia de políticas museísticas planificadas. Na década dos 50 xurdiron museos froito da iniciativa privada, de grupos de artistas ou coleccionistas, como o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside en Sada, o Museo Picasso de Barcelona, o Museo Dalí de Figueres, o Museo de Arte Abstracta de Cuenca, o Museo Popular de Arte Contemporánea de Villafamés e a Fundación Miró en Barcelona.

Se a conquista da democracia asociou a súa política cultural á recuperación da vangarda, os museos e centros de arte contemporánea promoven unha nova concepción cultural, museográfica e arquitectónica, en resposta a aquel déficit histórico. O cambio político significou tamén a promoción das autonomías e o desenvolvemento dun proceso de descentralización cultural, caracterizado pola creación de infraestructuras destinadas á arte actual: museos e centros de arte pero tamén salas ou espacios que dependen doutros organismos públicos e privados, como bancos, caixas de aforros, fundacións, concellos e deputacións. Neste novo panorama, foméntase tamén unha lexislación que favorece o coleccionismo ou a participación privada nas actividades culturais, coa conseguinte creación e apertura ó público de coleccións.

Vai ser nos anos oitenta cando asistamos ó nacemento dunha nova xeración de espacios para a arte contemporánea (museos, centros, etc.), caracterizados por factores socioculturais, artísticos, políticos e económicos e proxectos culturais distintos. A periferia asume un papel de centro de activación e creación artística peculiar, cada cidade e capital autonómica contará cun centro que proxecte a súa identidade cara ó exterior. Esta década ve nacer tamén o antimuseo, un espacio de carácter rupturista aberto por artistas, coa intención de subtraer a arte das canles máis institucionais. Xunto a isto aparecen multitude de centros de exposicións e museos monográficos de pequena escala.

Lonxe xa das iniciais présas por dotar o país de novas infraestructuras, despois da dictadura xorden unha serie de cuestións que invitan a unha reflexión e debate sobre como son, funcionan, se estructuran e articulan os centros de arte de cara ó novo milenio.

CENTRO GEORGES POMPIDOU
Foto: Xurxo Barata

Os centros de arte preséntanse cada vez máis como esenciais para a sociedade e a cultura. Establecer unha reflexión sobre o que foron os últimos dez anos destas institucións supón achegarse ós seus piares básicos, ás relacións coa arquitectura, a sociedade, os artistas, formacións das colecções, ós diversos departamentos que o forman, examinando e analizando tanto os acertos como as carencias e os abusos existentes e propoñendo diversos diagnósticos.

Un centro de arte é un lugar público, destinado á cultura, á creación cultural, comunicación e formación, ó enfrontamento do espectador coa arte; por extensión un lugar de encontro entre o artista, o teórico e o observador. Un espacio onde se expoñen e difunden reflexións estéticas, pero, sobre todo, un espacio destinado a ser habitado pola xente, polo público e polos creadores.

Polo tanto, o problema actual é salvagardar a obra de arte, xerada con estes criterios dinámicos e tamén como reactivar a capacidade daquela de suscitar no futuro unha experiencia estética. Neste novo contexto os modelos de centros de arte contemporánea atopan a súa diferencia coa teoría museística anterior, dando lugar a un espacio que deixa de ser un espacio estático para transformarse en centro productor, difusor e testemuña da arte.

Entre a multitude de funcións que desempeñan os centros de arte contemporánea están non só a promoción, o coñecemento e o acceso do público á arte de inmediata creación nas súas diversas manifestacións senón tamén o estímulo da comunicación social das artes plásticas, no seu sentido e orientación máis ampla, garantindo a protección, conservación e testemuño, así como promovendo o enriquecemento e desenvolvemento de programas de exposicións temporais, o fomento de acceso á colección, a preparación de programas de investigación e a publicación de catálogos e monografías para excitar o coñecemento, a difusión e comunicación das obras e a identidade cultural do patrimonio artístico propio.

2. O PROXECTO DE CENTRO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

A creación dun novo centro de arte contemporánea debe responder a unha satisfactoria interacción de diversos factores e supón a configuración dun proxecto cultural, a fusión dun proxecto para a creación artística contemporánea e un proxecto arquitectónico. Tamén debe responder ás necesidades concretas e demandas da sociedade, sobresaíndo o carácter informativo das actuacións artísticas e culturais inherentes á comunidade, pero con proxección internacional, que provocan un diálogo constante cos seus protagonistas e sobre todo co público.

2.1. O PROXECTO PARA A CREACIÓN ARTÍSTICA CONTEMPORÁNEA

A evolución dun proxecto orientado á arte contemporánea depende da relación coas diversas institucións que a xeran. É necesario e desexable que exista unha responsabilidade pública cara ó centro, non só de tipo epidérmico nin formal, un apoio institucional continuado pode influír no desenvolvemento dunha cultura real dentro do contedor museístico.

En todo proxecto de centro de arte será necesario realizar un proxecto organizativo, definindo as súas funcións internas fronte ó público. As funcións poden sintetizarse en investigación, documentación, conservación e exposición, pero tamén explicación, reflexión; en definitiva, promoción e difusión.

Un centro de arte debe ser lóxico, ter a medida adecuada á comunidade e ás pretensións da súa creación, atendendo tanto ó tema, ó contido, coma á súa aparencia formal, o que definirá as súas funcións e necesidades inherentes, como poden ser o persoal que o forma e as actividades que realiza, exposicións temporais, cursos ou talleres, as áreas e departamentos que o integran, a biblioteca, os arquivos e outros soportes comerciais como a librería, a tenda ou a cafetería. Debe definirse o contido programático e expositivo do centro, sinalando dende as primeiras actuacións temporais a vocación internacional e territorial a partir da súa mesma posición xeográfica.

A organización interna deberá establecerse segundo se asenten os obxectivos propostos, sempre a partir das iniciativas conxuntas dos órganos de coordinación e dirección. Así, dentro dese espacio debe existir, como vemos, unha definición do modelo de estructuración dividida en diferentes partes, que deberán adaptarse ás necesidades e posibilidades de cada centro.

2.1.1. O PERSOAL

Dentro das moitas posibilidades de formulacións que poden presentar por escala e obxectivos os centros de arte, que dificultan calquera xeneralización, é posible establecer un mínimo de persoal común que fai posible o seu funcionamento. A definición ideal de profesionais que estructuran un centro comprende: un director, elemento de organización xeral que fai coherentes as diversas tarefas de facultativos e técnicos; un conservador xefe; os organizadores dos diversos departamentos de exposicións, pedagoxía, comunicación, publicacións, mercadotecnia, etc.; o persoal encargado das tarefas técnicas, de documentación e investigación; xerentes administrativos, auxiliares, persoal de oficina e informáticos así como o persoal de atención ó público, vixilancia e recepción.

2.1.2. O PADROADO

Supervisará o proxecto do centro, a súa planificación e obxectivos, e tentará crear unha entidade de cultura que cubra as esixencias en todos os campos de dotación arquitectónica, artística e social. Os encargados de realiza-lo devandito proxecto son representantes de prestixio de distintos ámbitos da cultura, tanto no sector público coma no privado, así, por exemplo, historiadores da arte, arquitectos, artistas e representantes de diversas institucións, cubrindo todos os aspectos físicos e ideolóxicos do centro.

2.1.3. AS ÁREAS DO CENTRO

As diversas áreas do centro, a súa estructura espacial, son a relación de departamentos que deben ser os encargados de ofrecer os máximos servicios na promoción e difusión, na documentación e investigación e por suposto na conservación das obras e proxectos. O centro ademais de ser un contedor de arte é un organismo vivo que debe manter unha diná-

MUSEO
GUGGEMHEIN
BILBAO

Foto: Fernando
Redondo

mica de traballo constante e ofrecerllo á sociedade, relacionándose e reclamando a súa atención con estes e outros servicios culturais.

a. Soportes de investigación

Están relacionados coa promoción, estudio e investigación das exposicións, actividades e colecciónsdo centro. Encárganse da documentación científica, da redacción de informes e programas relacionados coas exposicións, cursos, conferencias e talleres e da elaboración de proxectos creativos tanto no seu aspecto teórico como científico.

Biblioteca: Debe estar ó servicio dos investigadores do centro ou museo, pero sobre todo ó servicio do público, e ser responsable da adquisición, catalogación e préstamo de publicacións vinculadas coa teoría e historia da arte contemporánea. Debe contar con obras de consulta, seccións de referencia, así como con catálogos de exposicións e colecciónsmonografías sobre teoría, estética, historia da arte e dos movementos artísticos contemporáneos, unha sección de audiovisuais integrada por documentos de importantes videoartistas, vídeos documentais e gravacións das conferencias pronunciadas no centro. Así mesmo, contará cunha sección de publicacións periódicas, xornais e revistas especializadas. Toda biblioteca debe manter unha política de intercambio de publicacións e produccións realizada con entidades ou institucións nacionais e estranxeiras.

Departamento de Documentación: Baséase na recompilación, ordenación, control e xestión de toda a información de interese científico e cultural da arte contemporánea, e en particular da colección, o inventario e catalogación dos fondos, así como a recollida de documentación das actividades do centro. Para conseguir os seus obxectivos debe estar estreitamente relacionado cos outros servicios da institución, especialmente co arquivo, biblioteca e departamento de comunicación.

Arquivo: Recompila e conserva a información documental de distintos tipos de materiais que deben arquivarse en soportes diversos para que poida ser utilizada polo persoal do centro.

b. Soportes de comunicación

Departamento de Pedagoxía: Sobresae na explicación dos procesos creativos o labor que debe desempeñar este departamento. Coordinado por especialistas en educación, ten obxectivos didácticos vinculados coa sociedade, achegando ó publico o coñecemento da arte contemporánea e o espacio arquitectónico, a través de diversas actividades como talleres e cursos orientados a todo tipo de públicos. O coñecemento artístico non está só na observación e o recoñecemento de obras e estilos, senón na comprensión que posibilite a reflexión e enriquecemento da visión e experimentación estéticas. Este aspecto, amplamente debatido nas xornadas cos exemplos do CGAC, a Fundación la Caixa ou o Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, debe ser un dos máis activos na conexión do centro coa comunidade da cidade que os alberga e do territorio que sostén esa cidade.

Departamento de Publicacións: Encárgase da coordinación de todos os traballos relacionados coa edición das publicacións do centro, que se focalizan principalmente nos catálogos, pero tamén nos trípticos, revistas, anuarios e memorias. A través destes, ofrécese o coñecemento dos contidos das exposicións e demais actos realizados e deben presentar unha imaxe e deseño coidado que sexan unha prolongación do da propia institución.

Departamento de Prensa: Adquiriu nos últimos anos unha relevancia especial, que reflicte a necesaria vinculación da sociedade co centro. A súa dobre vertente responde á función de difusión e constante información das actividades do centro ós distintos medios de comunicación, como xornais, revistas, medios radiofónicos e televisivos, e medios ou publicacións na rede, así como un labor de retroinformación, mediante a análise e seguimento das noticias que sobre a actividade artística aparecen nos devanditos medios, traballando en coordinación co departamento de documentación. Estes dous enfoques irían destinados á consecución dunha imaxe corporativa facilmente recoñecible polo público e para isto desempeña un papel importante a colaboración e axustes de estratexias comunicativas cos departamentos de publicidade e mercadotecnia.

Nas xornadas *10 Anos de Centros de Arte Contemporánea* destacouse a dispoñibilidade de contar con outros departamentos, como serían o de música e audiovisuais, que com-

pletarían o organigrama do soporte de comunicación, aínda que moitos deles estarían, como demandan as definicións contemporáneas, xa integrados noutras áreas.

c. Soportes comerciais

Son os espacios de apoio, como a librería, a tenda e a cafetería ou restaurante. A librería debe estar especializada en arte contemporánea, ofrecendo un servicio de catálogos, guías, libros de historia e teoría da arte, e outras disciplinas relacionadas -literatura, filosofía, arquitectura, fotografía, cinematografía e deseño-, así como revistas e xornais especializados. Estes productos poden presentarse en diversos soportes, audiovisuais, láminas ou carteis, que os fagan máis atractivos para o visitante, con deseños e expositores de calidade. Estes espacios manteñen a necesaria relación do espacio co público.

d. Soportes técnicos

Son os diferentes espacios formados polos talleres, almacéns, laboratorios e demais espacios que ocuparían un labor pluridisciplinar, e abranguerían as tarefas de prevención, conservación e tamén os traballos de carácter pedagóxico, así como a sección de mantemento do centro.

2.2. OS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN

Serían os formados polas diferentes asociacións de amigos, de membros e de protectores dos museos ou centros de arte. As asociacións de amigos teñen como principal obxectivo apoiar e difundir todas aquelas accións culturais que teñan relación co propio centro e promover a participación de socios protectores, socios colaboradores e persoas afeccionadas á arte. Por este motivo é preciso involucrar a toda a sociedade, cun especial protagonismo do ámbito empresarial, para ampliar os seus horizontes, vincularse co panorama social e cultural da súa comunidade e facer máis ambiciosos os proxectos da propia institución. Os asociados poden beneficiarse dunha serie de vantaxes como a entrada gratuíta, descontos nas publicacións e productos dos diversos servicios, así como recibir información regular sobre as actividades da asociación e do propio centro.

MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA
Foto: cedida polo Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

2.3. A COLECCIÓN

No desenvolvemento das devanditas xornadas xurdiu un debate sobre o tema das colecciónns nos centros e museos de arte contemporánea, así como nas institucións privadas e fundacións. O museo de arte contemporánea sería aquel que xira e se estructura arredor dunha colección, que se completa ó ritmo do tempo en que vivimos. Este espacio sempre mantén un punto de contacto co pasado; por iso un tema de difícil resolución é a realización e configuración de colecciónns. Toda colección ten algo de exemplar e por iso a súa formalización é un proceso que require de moito tempo.

Cada nación ou comunidade posúe a súa propia evolución artística, que debería verse reflectida no centro, como tamén debe exercer o mecenado artístico, asumindo o risco de apostar pola arte das últimas tendencias. Comprender que a arte non é allea á sociedade e que está directamente relacionada co público é unha das funcións que o centro realiza gracias á creación dunha colección. A contemporaneidade artística ligada ó modelo que se quere crear marcará o carácter do futuro centro e a súa colección é o resultado dun gradual e reflexivo proceso de maduración e continua reformulación.

As distintas colecciónns dos museos e centros de arte contemporánea resultan moi variadas, así como a súa composición e xeración, tendo como funcións a configuración dunha memoria crítica dun período histórico amplo. Toda selección e recompilación de obras debe levar implícita a comprensión de que a historia da arte é unha construcción suxeita a modificacións, sendo, dese xeito, non unha narración rematada nin única, senón variada e complexa. Institucións privadas como La Caixa, Caixa Galicia, Caixa Nova ou Unión Fenosa, entre moitas outras, veñen mantendo un contacto estreito coa contemporaneidade, creando colecciónns dinámicas que promoven mediante a realización de exposicións.

A posición periférica dalgunhas colecciónns obriga a cuestionar unha idea unidireccional de progreso histórico, a resituar acontecementos e movementos e sinalar outras posibles centralidades, casos como os do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona, o Centro

Atlántico de Arte Moderna de Las Palmas, o Instituto Valenciano de Arte Moderna ou o Centro Galego de Arte Contemporánea.

Unha colección debe ter un carácter actual e dinámico, capaz de apostar por unha relación e compromiso cos creadores, coa arte e, evidentemente, co público. Isto implica un diálogo cos artistas que evite a transformación da obra de arte nunha transacción económica ou institucional, reactivando, polo tanto, o seu valor estético.

Debe existir, en todo caso, a inquietude de conservar e catalogar os fondos para a súa divulgación mediante a publicación de catálogos ou coas presentacións expositivas da colección de xeito constante, mediante mostras temporais, como fai o Museo de Frankfurt, ou con iniciativas de revisión a través de monografías, conferencias, debates ou cursos, así como a interrelación con outras institucións da súa proximidade xeográfica nunha elaboración conxunta de diferentes programas.

O centro debe contar cuns espacios destinados a depósitos, nos que se poderán almacenar fondos de diversa procedencia, obras derivadas de doazóns, legados ou préstamos realizados á institución nos que se aplicarán os mesmos criterios selectivos e de ordenamento da colección.

2.4. O PROXECTO ARQUITECTÓNICO

É a partir do século XIX cando se pode comezar a distinguir unha arquitectura propia das institucións museísticas coa aparición das primeiras galerías nacionais públicas abertas para este fin. A tipoloxía resultante propoñía unha resposta semellante para o feito expositivo, resolto xeralmente mediante a articulación de salas enlazadas formando unha secuencia e marcando un percorrido, nunha estructura común a todas as especialidades museísticas que se estaban creando. Á vez que o desenvolvemento desta organización espacial, a verdadeira preocupación consistía no achado da imaxe dunha institución que se estaba convertendo, xunto con teatros e estacións ferroviarias, na representante da sensibilidade ilus-

trada da nova sociedade urbana. A arquitectura resultante salientou o orgullo nacional elevando os museos a templos da cultura de elite, nun reflexo das colecciónes que albergaba.

As funcións ás que os museos daban resposta, á parte da puramente representativa, eran moi limitadas, concentrándose na exhibición permanente das obras de arte reunidas, material en xeral procedente de colecciónes reais ou eclesiásticas, sen demasiado rigor nin selección.

Será a partir dos anos vinte do século pasado cando esta ríxida concepción museística comece a ser contestada, sumando aspiracións ó programa inicial, volvéndoo máis complexo e especializado. A propia indefinición obxectual da arte de vangarda e a ruptura que supuxo coa tradición anterior, unida á constante renovación das súas manifestacións plásticas e culturais, non podía deixar de ter repercusións evidentes nos espacios destinados á súa exposición.

Os grandes panteóns das artes, considerados como lugares de contemplación e almacenamento, van converterse en espacios de interacción cultural desenvolvendo actividades de exposición e explicación, información e difusión, investigación e ensinanza, ocio e comercio, respondendo así ás demandas dunha sociedade que reclama unha participación máis activa nos procesos da cultura contemporánea.

Esta maior complexidade do programa, á que hai que engadirlle unha crecente presencia de instalacións técnicas destinadas ó control climático, da luz e da seguridade, non debe afectar á claridade de funcionamento e utilización dunhas infraestructuras de alta vocación pública. A súa articulación debe ser capaz de ofrecer referencias espaciais como a dimensión e orde do edificio, a iniciación e alternativas nos seus percorridos, a orientación cara a lugares de exposición ou cara a outros usos máis esporádicos para o visitante. As relacións entre as partes e o todo deben, como en toda boa arquitectura, responder a un criterio de estructura global que só pode acadarse co seu coñecemento preciso. Os modernos centros de arte contemporánea, especialización do espacio da cultura cara a actividades de explicación e promoción de produccións de última factura, presentan o problema engadido da incerteza.

MUSEU D´ART CONTEMPORANI DE BARCELONA (MACBA)
Foto: Raimon Sola

Non é doado falar xa dunha única tipoloxía de museo dado que a multiplicidade de funcións ás que se ha de responder permiten un moi libre deseño dos proxectos museolóxicos e, por conseguinte, das arquitecturas que os acollen. Dende o expresivo paradigma da flexibilidade total representado polo gran contedor versátil que ofrece un interior que pode organizarse libremente segundo as necesidades, ata espacios fortemente xerarquizados e secuenciados que determinan totalmente os percorridos e interpretacións posibles, o proxecto dun centro de arte contemporánea convértese nun acto complexo que esixe gran claridade conceptual capaz de fundir a arquitectura coas intencións programáticas previstas, a miúdo non suficientemente definidas.

Distinto é o caso das cada vez máis frecuentes reutilizacións, totais ou parciais, de edificios históricos. O compromiso necesario na rehabilitación de conservar os valores arquitectónicos de orixe, que adoitan achegar beneficios de localización, memoria histórica e revalorización patrimonial, reduce o campo de utilidade na actualidade de edificios con limitacións específicas derivadas das funcións e tecnoloxías que os viron nacer. A pesar da adaptabilidade de certos edificios cada espacio do centro é un conflicto concreto que cómpre resolver, sendo os criterios técnicos, espaciais, arquitectónicos e educativos os máis importantes para o seu aproveitamento para a arte contemporánea. A rehabilitación dun edificio histórico permite conservar un monumento dándolle un uso que, ó tempo que o priva do abandono, ha de ser compatible coas novas funcións que debe resolver e é necesario evitar agresións e solucións irreversibles que desvirtúen ou convertan en ilexibles as súas calidades arquitectónicas e patrimoniais.

A miúdo demándanse, argumentando razóns de competencia plástica coas exposicións, arquitecturas que ofrezan imposibles espacios neutros e silenciosos. Unha arquitectura nun lugar debe ser algo activo, propositivo, e o seu valor como obra consiste na súa capacidade para poñerse en relación e medir esta comunicación con cada un dos elementos do contorno ofrecendo por si mesma unha experiencia de percepción. As súas formas cumpren a función dunha linguaxe capaz de transmitirlle ó usuario mensaxes e emocións comunicadas a través do signo arquitectónico. Isto non significa considerar como realidades separadas a arquitectura do centro e as obras que alberga, senón unha concepción deste como un contorno discursivo e un chamamento en prol dunha maior colaboración e da transgresión dos

límites entre as disciplinas de arquitectura e arte, unidas polo seu carácter esencialmente funcional e creativo, con independencia disciplinar.

3. AS ACTIVIDADES DOS CENTROS E MUSEOS DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Unha cuestión importante na que se incidiu nas xornadas *10 Anos de Centros de Arte Contemporánea* foi a reflexión sobre cáles deben ser as actividades e obxectivos que teñen que desenvolver estas institucións. O labor que realizan responde á esixencia dunha realidade cultural, artística e social e está deseñado e coordinado polos diversos departamentos ou seccións do centro.

Debe definirse, principalmente, como un espacio de información, asesoramento e documentación para os teóricos, investigadores, creadores e, moi especialmente, para o público. É preciso que cree aquelas actividades que incidan no incremento social, reforzando a promoción artística no mercado e na cultura, co enriquecedor e necesario labor das galerías e coa consolidación do turismo e das industrias culturais, establecendo un modelo de modernidade para a comunidade cidadá, nunha significación da propia cidade e un complemento de vocación supranacional.

A primeira das funcións é a realización de actividades culturais, nun ámbito social diversificado, cuns obxectivos: a divulgación, a defensa da creación contemporánea e a información, e propiciando o diálogo cultural entre un público especializado. Cómpre así mesmo organizar exposicións ou mostras de carácter temporal, onde se vertebre a reflexión estética do propio centro, e realizar diversos talleres de arte dispensados por artistas e dirixidos a estudiantes de Belas Artes, así como de talleres de crítica e teoría da arte, ciclos de conferencias, cursos teóricos orientados a un público universitario, a un ámbito investigador e de formación continua, actividades pedagóxicas, publicacións, etc.

As actividades que un centro debería exercer nas relacións públicas teñen relación cos seguintes puntos: o funcionamento de servicios de información e a formación do persoal do centro antes de contactar co público, establecer relacións con asociacións de amigos da arte,

métodos expositivos dos servicios que poida ofrecer, publicacións, enquisas ó público que accede ó centro, manter o contacto coa prensa, asegurar unha eficaz publicidade para exposicións itinerantes, utilizar os órganos publicitarios e asegurar o apoio das autoridades locais e doutras administracións.

O centro de arte contemporánea debe manter unha estreita relación coa sociedade e o territorio que o alberga e sostén, como formador dunha sensibilidade cultural colectiva, mantendo a relación con outras institucións públicas e privadas, como facultades de Historia da Arte, Belas Artes, Arquitectura e Humanidades. As diferentes áreas dentro dos centros serán os instrumentos que empregue para acceder á sociedade, entre eles o departamento pedagóxico, de prensa, de publicacións e producción varias, biblioteca, centro de documentación e a creación de asociacións de amigos, potenciando o achegamento a todos os sectores do público. Entre os mecanismos que empregan para facer operativa esta aproximación ó exterior están a realización de notas de prensa, catálogos, revistas, producción de vídeos ou contidos para Internet, mediante o deseño de sitios web como vehículos de comunicación e difusión.

Por outra parte está a actitude da sociedade ante o centro, unha parte que durante as xornadas xerou un debate sobre a súa eficacia social e onde a boa utilización dos mecanismos anteriores serán de notable importancia. A presencia de críticos de arte, historiadores, investigadores e profesionais dos medios de comunicación fai posible a necesaria transmisión dos contidos artísticos da institución cara ó público.

Un centro debería responder ás esixencias dun público real. Se existe un desexo de achegamento dos artistas ó espacio contemporáneo e deste á sociedade, a proxección sociocultural do espacio debería ser claramente identificada, polo cal é fundamental que os departamentos pedagóxicos realicen estudios psicopedagóxicos de público, estudios relacionados coa cidade e o territorio.

A tarefa do centro de arte é atraer a todo o público cara a aqueles aspectos en que o centro, dentro da súa propia identidade, quere estar presente; debe definirse o público a quen

FUNDACIÓN JOAN MIRÓ
Foto: Ferran Freixa

se dirixe e que programas educativos quere poñer en práctica para alcanzar os seus obxectivos. En todo espacio existe sempre, xunto á reflexión estética, unha evidente intención pedagóxica; a fractura existente entre o público e a arte actual pódese solucionar a través dun axeitado labor educativo. Para manter a súa tarefa didáctica debe formar profesionais da arte contemporánea e manter unha relación constante co ámbito investigador e de formación e coa súa propia función científica.

O século XX é una época marcada pola tendencia crecente cara a unha percepción sensual do espacio e a importancia cada vez maior do observador. Unha idea que comezou cando a arte abandonou o museo e se atreveu a saír á rúa en busca dun público máis amplo, así como os modos convencionais de presentar a obra de arte, tales como o uso de grandes pedestais, que se foron abandonando gradualmente en prol dunha relación máis próxima entre a obra e o espectador. Sen embargo, tanto os museos como os centros participaron deste achegamento da obra de arte ó público sen perder as súas tradicionais razóns de existir coa necesidade de expoñer unha colección.

O centro pode ser un servicio cultural público no que as experiencias e os obxectos actuais cobren unha función vital e artística e no que se chegue a unha relación totalmente nova coa obra de arte. As tarefas primordiais que debería realizar atinxen á interacción público-obxecto, interacción canalizada polo persoal, e poden resumirse en cinco misións: productora, educativa, científica, difusora e social. A misión educativa é o elemento primordial das actividades dos centros pero non debe entenderse como instrucción erudita senón como apertura de vías diversas para que o espectador seleccione as emisións. Deberíanse compatibilizar os criterios educativos de validez científica, renunciando a imposicións doutrinarias ou superficiais con ideas que vivifiquen as facultades de cada persoa.

A participación activa dos creadores no proceso de promoción e impulso dos centros de arte contemporánea preséntase como unha das claves do bo funcionamento dun proxecto. Débese establecer unha relación íntima e de complicidade entre este espacio e os artistas, demandando o acceso das novas xeracións e incentivando a súa participación activa. Por parte da institución, esta debe manterse atenta á actualidade e á evolución dos procesos

artísticos, coñecendo outras iniciativas expositivas ou incluso visitando os propios estudios dos artistas.

Como se subliñou claramente nas conclusións das devanditas xornadas as funcións dun centro son cada vez máis amplas e cambiantes, ás da producción e contemplación súmanse as novas actividades de tipo formativo, como a ensinanza, o estudio e o traballo. É necesaria a realización de conferencias e a organización de cursos que afecten e enriquezan o coñecemento do contido estético do centro, provocando un interese xeral, e que fagan xurdir intercambios de opinións entre profesionais de diversas áreas didácticas, como historiadores, artistas, arquitectos, filósofos, escritores, sociólogos, etc. Neste sentido, a organización de cursos é fundamental e deben programarse de forma sistemática, dándolles publicidade nos medios de difusión e habituando a sociedade a asistir de xeito continuado, creando un foro cultural permanente de producción, reflexión e debate. O centro debería facer unha reflexiva e eficiente autocrítica sobre a proxección que cumpriría que exercese sobre o público en xeral, tomándoo ben como colectividade ben como ente individual.

O encontro entre o centro de arte e a sociedade supón un intercambio de relacións concretas mediante un estudio obxectivo da realidade do centro e as peticións do público e dos creadores. Estas relacións teñen que ser realmente asumidas pola institución, que, sen unha ideoloxía dirixida, parta da análise do devir histórico ata chegar á súa situación actual, atopada coa realidade que a sociedade demanda.

Ademais dos axentes comerciais na promoción da arte entran en xogo os axentes culturais, entre os que se contan a crítica de arte, a publicidade, etc., que se encargan de emitir o xuízo estético sobre as diversas actividades que se realizan, principalmente das diversas citas expositivas ou creativas.

Nesta relación do museo co público insírese a figura do crítico, algo que se formulou na sesión “Crítica e Sociedade: Eficacia social”. A crítica de arte desempeña un papel fundamental na valoración da arte contemporánea, sendo o proceso que conduce á formulación dos xuízos de valor nas obras de arte. Os críticos poden considerarse como verdadeiros

intermediarios entre o contexto de producción da obra e o público, centrándose a súa actividade na prensa diaria, revistas especializadas e catálogos. Para a elaboración de xuízos de valor requírese que o critico sexa independente e teña unha completa formación como historiador da arte, así como coñecementos de filosofía e estética. O traballo do crítico debe supor a realización dunha reelaboración creativa; o encargado de desentrañar o verdadeiro significado da obra.

Actualmente os medios de comunicación de masas desempeñan un papel importante na difusión da cultura xerada dende os centros de arte. Todos estes medios son aproveitados polos axentes tanto culturais como comerciais, que se serven dos medios escritos e visuais para lanzar a súa publicidade: a promoción de artistas, exposicións, libros, catálogos, audiovisuais, etc. Máis que falar de arte contemporánea débese falar dun contexto ou sistema de arte estructurado arredor de artistas, galerías, marchantes, museos, críticos, medios de comunicación e público.

Un tema de recente actualidade -que foi tratado nas xornadas- é a utilización que os centros de arte fan dos medios como fluxos de información e de imaxes, das novas tecnoloxías da sociedade global, dando mostras dunha fusión sociocultural característica da modernidade evolucionada coa creación de ambientes mixtos nos que a transmisión de coñecementos ten que estimular e sensibilizar a sociedade. Existe un aumento da interdependencia entre centros a escala global, un proceso de democratización funcional aplicado á relación destes coas redes internacionais, facilitado por un novo espacio comunicativo resultante dunha maior extensión das redes de interrelación e da utilización das tecnoloxías da información.

A idea refórzase na actualidade coa existencia dunha *arte-imaxinario-global*, dado que a calidade das reproduccións de arte, así como o acceso a estas, non deixou de incrementarse, ata converterse nunha memoria global de obras compartidas a escala mundial. Este concepto non pretende, aínda que o poida parecer, a destrucción dos cimentos da institución, unha forza que se explica pola existencia de presións contradictorias e compromisos entre unha imaxe de identidades locais e globais, senón que serve de axuda, difusión e coñece-

IVAM
Foto: cedida polo IVAM

mento dos obxectivos dos centros xa que non debemos esquecer que a obra de arte é ante todo percepción e emotividade sensorial.

A informática debe ser unha ferramenta útil no desenvolvemento interno e externo dos centros de arte e na súa relación co público, proporcionando información e estimulando o acceso en liña ás exposicións, colecções, a actividades como conferencias ou publicacións que realiza o centro, así como a posibilidade de relación con outros recursos ou servicios a disposición da comunidade.

No campo da difusión non pode esquecerse o papel da prensa periódica, dos xornais e revistas especializadas. En España edítanse un número escaso de revistas que tentan cubrir o baleiro existente sobre a actualidade artística contemporánea. Sobresaen revistas como *Lápiz*, *Arte y Parte*, *Zehar*, *Cimal*, *Guadalimar*, etc. e xornais como *El Periódico del Arte* ou *El Punto de las Artes*, así como os distintos suplementos culturais que publican os xornais de tirada nacional.

A compoñente ética dun proxecto cultural implica a necesidade de recoñecer os límites reais en que este se desenvolve, sexa de tipo económico ou político, así como as súas enormes posibilidades de intervención nunha realidade social. Esta compoñente ética debe ser clara e compartida por todos os profesionais que traballan polo éxito dun centro de arte contemporánea, sexan directores, críticos, historiadores, investigadores, arquitectos ou público en xeral.

Resultará obrigado establecer relacións de cooperación e colaboración con outras institucións análogas, universidades, departamentos de investigación, favorecendo o intercambio de experiencias e coñecementos a través de accións conxuntas con estas entidades que poidan contribuír á mellor realización dos seus fins. Así mesmo, cumpriría facer que o centro estivese presente nas distintas localidades da súa comunidade autónoma, provocando un territorio de influencia, ben sexa establecendo puntos de información ou ben incluso coa apertura de pequenos espacios ou salas para a realización de exposicións, charlas, talleres, guías pedagóxicas, etc. Deste xeito incentivaríase a rotación das mostras por outras institu-

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Foto: Mark Ritchie

cións, asegurando e afianzando un labor de coordinación, promoción e interrelación institucional e territorial.

Un centro de arte é un medio máis de xeración de arte, da memoria colectiva e da identidade cultural da propia cidade e da súa área de influencia, unhas pautas que non impiden unha intención internacional. Uns obxectivos que deben cinguirse ó espacio, ó contedor arquitectónico e ó espacio máis amplo, realidade histórica, xeográfica, antropolóxica e cultural.

O discurso da conservación condúcenos á cuestión da comunicación co público, que progresivamente se vai achegando ó centro e propoñendo en novos termos a organización, distribución, desprazamento e configuración dos espacios. A reflexión sobre o centro de arte contemporánea tende a formular cada vez máis unha concepción deste como elemento dun sistema, a ampliar a escala urbana e territorial, capaz de incluír e coordinar unha determinada cantidade de bens artísticos que constitúen logros fundamentais para a identidade da sociedade e do territorio que os alberga; en definitiva, expresión de implicación do centro coa sociedade.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación + SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + SECCIÓN DE LINGUA. Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. Arquivo Sonoro de Galicia + SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + **SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS** + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE +

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 56 90 20. FAX 981 58 86 99. WEB http://www.consellodacultura.org